
ANÁLISE DA VIABILIDADE DUN
CENTRO DE INICIATIVAS EMPRESARIAS
NO CONCELLO DE MUGARDOS

Francisco Jesús Ferreiro Seoane (Director do proxecto)

Departamento de Economía Aplicada. Facultade de Administración e Dirección de Empresas.

Universidade de Santiago de Compostela.

Marta Camino Santos

Quorum Económico, SL.

Edita

CONCELLO DE MUGARDOS

Lugar

MUGARDOS (A Coruña)

Ano

2014

ISBN

978-84-606-6442-0

Deseño Portada

Vicente López Chao (arquitecto)

CONTIDO

1.	Introdución	1
2.	Situación	2
3.	Recursos da área de influencia	4
3.1	Recursos naturais.....	4
3.2	Infraestruturas.....	4
3.3	Benestar social.....	6
4.	Análise demográfico.....	7
5.	Análise socioeconómico	8
5.1.	Mercado de traballo.....	8
5.2.	Sectoros económicos predominantes.....	13
5.3.	Indicadores de emprendemento	16
6.	Papel que xogan os viveiros na economía galega.....	18
6.1.	Concepto do viveiro de empresas	18
6.2.	Vantaxes e desvantaxes dos viveiros de empresas en Galicia.....	20
6.3.	Identificación dos viveiros na provincia da Coruña.....	22
6.4.	Rendibilidade dos viveiros galegos.....	23
7.	Necesidades dos emprendedores nos viveiros	25
8.	Centro de iniciativas empresariais do concello de Mugar dos.....	26
8.1.	Obxecto	26
8.2.	Servizos prestados polo Centro de Iniciativas Empresariais	27
8.3.	Requisitos para acceder aos servizos do Centro de Iniciativas Empresariais do Concello de Mugar dos.....	28
8.3.1.	Criterios para acceder ás oficinas do viveiro de Mugar dos	28
8.3.2.	Requisitos para os emprendedores no viveiro virtual.....	29
8.3.3.	Titorización de proxecto a emprendedores	29
8.3.4.	Asesoramento e formación	30
8.4.	Selección dos proxectos.....	30
8.5.	Situación e características.....	30
8.6.	Tempo de estancia	36
8.7.	Tarifa de prezos.....	37
8.8.	Servizos incluídos no prezo.....	39
8.8.1.	Emprendedores con oficinas privadas	39
8.8.2.	Emprendedores virtuais	39
8.9.	Forma xurídica do Centro de Iniciativas Empresariais	40
8.10.	Público obxectivo.....	40

8.11. Recursos humanos.....	40
9. Plan económico financeiro do centro de iniciativas empresariais no concello de Mugar dos.....	42
9.1. Investimentos	42
9.2. Ingresos.....	43
9.3. Desembolsos económicos.....	45
9.4. Conta de resultados	45
10. Conclusións.....	46
11. Referencias bibliográficas.....	48

1. INTRODUCCIÓN

Na actualidade atopámonos sen dúbida nunha crise económica moi profunda, con graves consecuencias sociais como a falta de traballo, con todas as súas implicacións negativas que iso supón tanto para as familias en forma de menores ingresos como para as empresas en forma de menos vendas, peches, como para a administración en forma de menor recadación vía impositiva, etc. Nestas circunstancias son fundamentais as accións de política económica que busquen reactivar a economía que permitan a creación de novos postos de traballo. E é aquí onde atopamos que unha das posibles políticas é o fomento do emprendemento e o autoemprego. Só a través da creación de empresas poderanse crear novos postos de traballo, pero as empresas creadas teñen que ser competitivas, xa que é a maneira de ser sostibles no tempo e manter os postos de traballo.

Polo xeral, os gobernos enfócanse máis cara ao crecemento económico que ao desenvolvemento económico deixando esta importante tarefa aos municipios. Isto obedece na actualidade, a que os gobernos centrais asumiron como a súa tarefa primordial o equilibrio macroeconómico e deixar desta maneira que as forzas do mercado regulen toda a economía. O desenvolvemento económico local, non obstante, está directamente relacionado a obxectivos sobre como mellorar a situación económica do territorio e o benestar dos veciños e veciñas, entre os que destaca o fomento de novas empresas e a atracción e localización destas noutros ámbitos territoriais para acadar xeración de emprego produtivo e mellorar os ingresos e a calidade do traballo na poboación.

O termo de desenvolvemento económico local está directamente relacionado co desenvolvemento sostible do territorio. Na Axenda 21, no 1989 en Río de Xaneiro e na carta de Aalborg no 1994, un dos obxectivos específicos eran as estratexias locais cara unha economía sostible. No 2001 ten lugar o Consello Europeo de Gotemburgo onde se reflicte a necesidade de que os rendementos económicos deben ir acorde á utilización sostible dos recursos naturais. Unha nova carta asinada en Aalborg no ano 2004, define un dos obxectivos como a xestión municipal cara a sostibilidade e desenvolve o

concepto de economía local viva e sostible. O documento de compromiso acadado na Carta de Leipzig no ano 2007 sobre pobos europeos sostibles, menciona a necesidade de fomentar forzas económicas endóxeas para o crecemento económico sostible en Europa. Todo isto deriva na elaboración da Estratexia Española de Sostibilidade Urbana onde, a modo de síntese, conclúen que as políticas económicas de emprego, sociais e ambientais se reforzan.

O presente documento trata de analizar a posibilidade de instalar un Centro de Iniciativas Empresariais no concello de Mugardos co obxectivo de apoiar a posta en marcha de novos proxectos empresariais que axuden á dinamización do concello, entre outros.

2. SITUACIÓN

O concello de Mugardos está situado na costa do océano Atlántico, este municipio limita cos de Ares e Fene e conta cunha extensión de 12,8 km². É un dos municipios de maior personalidade histórica dos arredores.

O concello de Mugardos pertence á bisbarra de Ferrol (máis coñecida coma Ferrolterra) cunha extensión de 623,5 km² e formada por outros dez municipios, que son: Ferrol, Ares, Fene, Narón, Neda, Moeche, Valdoviño, Cedeira, San Sadurniño e As Somozas. Dentro de todos estes concellos existen 3 zonas claramente diferenciadas: os seis primeiros concellos citados, xunto con Mugardos, forman parte dunha das 3 áreas funcionais claramente diferenciadas, tamén chamada sub-bisbarra de Ferrolterra tendo características comúns: todos eles miran á ría de Ferrol, están moi unidos entre si, son pequenos en extensión pero teñen moita densidade de poboación. A segunda zona é a máis afastada da costa e está configurada por pequenas subzonas locais (Valdoviño, Moeche, As Somozas e San Sadurniño); e por último, a subárea de Cedeira, que forma parte dun importante subcentro.

Gráfico 1. Concellos da bisbarra de Ferrol



Fonte: Elaboración propia a partir do mapa da bisbarra

A poboación total da bisbarra alcanzaba no ano 2013 un total de 160.666 habitantes, que supón una densidade de 261,88 habitantes/km². Analizado de xeito minucioso o total da bisbarra de Ferrol e as conexións que existen entre os seus concellos, chégase á conclusión de que é necesario acurtar o perímetro de estudo pois hai concellos, que pola súa distancia con Mugardos e polas súas características, non ten sentido que pertencen á análise. Estes concellos son: As Somozas, Moeche, Cedeira e Valdoviño. Ademais, trátase de dous concellos de interior, cunha economía baseada na agricultura e na gandería maiormente que defiren na tipoloxía do territorio. Os outros dous concellos, Cedeira e Valdoviño, son concellos de litoral cun parecido máis alto co concello de Mugardos, pero ambos atópanse a unha distancia de 50 e 30 km aproximadamente, o que dificulta que un emprendedor de calquera destes dous concellos vaia a establecerse en Mugardos para desenvolver a súa actividade.

Non obstante, outros concellos que non pertencen á devandita bisbarra por proximidade si poderían considerarse obxecto de estudo, como son Cabanas e Pontedeume. Polo tanto, establecemos unha área de influencia

formada por Mugardos, Ares, Ferrol, Fene, Narón, Neda, Cabanas e Pontedeume. No gráfico 2, pódese ver delimitada esta área de influencia.

Gráfico 2. Área de influencia do concello de Mugardos



Fonte: Elaboración propia

3. RECURSOS DA ÁREA DE INFLUENCIA

3.1 Recursos naturais

Na área de influencia do concello de Mugardos existen once praias, algunhas delas distinguidas con bandeira azul de calidade. A lagoa de Doniños de grande interese ecolóxico encaixada nun profundo val, remata separada por unha franxa de dunas da praia do seu mesmo nome. Ademais, podemos atopar multitude de montañas, acantilados espectaculares e bosques autóctonos como o Parque Natural Fragas do Eume, que foi declarado como Lugar de Importancia Comunitaria, coincidindo os seus límites cos do parque natural. As súas fragas están consideradas un dos mellores exemplos de bosque atlántico termófilo do continente europeo.

3.2 INFRAESTRUTURAS


Os concellos que conforman a área de influencia obxecto de estudo están unidos pola N-651 que é a vía principal máis transitada. Destaca tamén a Autopista AP-9, que reduce o tempo de desprazamento entre os concellos.

Outras vías comarcais e municipais comunican as distintas aldeas e parroquias da área de influencia.

Estes concellos contan con rede de ferrocarril, tendo paradas en Pontedeume, Cabanas, Fene, Neda e Ferrol o que permite unha boa comunicación con cidades como A Coruña, Lugo ou Madrid. Ademais, estes concellos contan cunha liña de transporte interurbano.

Aínda que do sector empresarial se fala máis adiante noutro epígrafe, cabe facer aquí unha breve parada para analizar o parque empresarial situado na área de influencia do concello de Mugardos.

Gráfico 3. Chan empresarial da área de influencia



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos de *InvestinGalicia* e distintos concellos

Se observa na táboa anterior que o concello de Narón (con 3 polígonos) presenta a maior oferta de chan empresarial comparado co resto de concellos pertencentes á área de influencia por diante de Ferrol (2 polígonos), que ten maior número de habitantes que Narón. Isto explica, en certa medida, o aumento de poboación que se produce neste concello nos últimos anos, como veremos máis adiante.

3.3 BENESTAR SOCIAL

Falamos de benestar social cando nos referimos ao conxunto de factores que unha persoa necesita para gozar de boa calidade de vida. Neste apartado se inclúen aqueles aspectos que melloran a calidade de vida das persoas que habitan un territorio, analizaremos polo tanto a existencia de centros hospitalarios e de saúde, de centros educativos, espazos deportivos e culturais e calquera outro tipo de infraestrutura existente. Así, todos os concellos estudados pertencen á área sanitaria de Ferrol, encabezados polo complexo hospitalario formado polo Hospital Arquitecto Marcide, o Hospital Novoa Santos, o Hospital Básico de Defensa e o Centro de Especialidades, integrado dentro do Hospital Arquitecto Marcide na súa zona oeste. É un centro de dependencia patrimonial pública pertencente á rede asistencial do Servizo Galego de Saúde, Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. Ademais dos hospitais mencionados, existen 16 centros de atención primaria cunha superficie total de 16.306,61 m² distribuídos en centros situados en todos os concellos da área de influencia.

En canto ós centros educativos, atópanse un total de 80 centros no territorio analizado dos cales 3 son Centros públicos integrados, 28 son Colexios de educación infantil e primaria, 19 son Centros privados, 15 son Institutos de educación secundaria, 2 son Escolas de educación infantil, 2 son Centros de educación especial privados, 2 son Centros integrados de Formación Profesional, 1 é Centro público de educación e promoción de adultos, 1 é Escola náutico-pesqueira, 1 é Conservatorio de música, 2 son Centros públicos de especialidades, 1 é Centro de educación especial, 1 é Escola oficial de idiomas, 1 é Escola de música e, por último, 1 Centro rural agrupado. Ademais, a Universidade da Coruña ten un campus na cidade de Ferrol.

Cabe engadir que o territorio obxecto de análise posúe varias bibliotecas municipais, campos de fútbol, pavillóns, polideportivos, piscinas públicas, pistas de tenis, etc.

4. Análise demográfico

Na táboa 1 se pode observar a evolución da poboación dos municipios que forman parte da área de influencia do concello de Mugardos. Para a análise se tivo en conta o ano 2007 por ser o comezo da crise económica que estamos a sufrir desde entón. Pois ben, a simple vista se observa cómo a poboación decrece en case todos os municipios da área de influencia, agás en Narón e en Ares que crecen un 8,8% e un 3,6% respectivamente. Narón é un concello en constante crecemento no que a maioría de residentes son persoas novas que traballan polos arredores e foxen de residir nunha cidade en declive como é a de Ferrol. Destaca, por outra banda, o enorme atractivo turístico que converte a Ares en foco de veraneo e transforma a capital durante os meses estivais, ademais este municipio acolle os fins de semana durante todo ao ano multitude de visitantes que elixiron esta poboación para ter aquí a súa residencia secundaria.

Mugardos, sen embargo, é o concello que menos poboación perde para o período analizado. Cabe destacar que viña de ser o municipio con máis perda de poboación da bisbarra en períodos anteriores.

Táboa 1. Poboación dos concellos da bisbarra, 2007-2013. Variación en porcentaxe

	Poboación 2007	Poboación 2013	Var. %
Galicia	2.772.533	2.765.940	-0,2%
Provincia A Coruña	1.132.792	1.138.161	0,5%
Ferrol	75.181	71.232	-5,3%
Fene	14.222	13.639	-4,1%
Ares	5.598	5.801	3,6%
Mugardos	5.636	5.470	-2,9%
Narón	36.245	39.450	8,8%
Neda	5.649	5.413	-4,2%
Pontedeume	8.635	8.213	-4,9%
Cabanas	3.272	3.287	0,5%
Total área influencia	154.438	152.505	-1,3%
Total Bisbarra	162.929	160.666	-1,4%

Fonte: Elaboración propia a partir de Anuario socioeconómico de La Caixa (2013) e Instituto Galego de Estatística (2014)

5. ANÁLISE SOCIOECONÓMICO

5.1. Mercado de traballo

No derradeiro trimestre do ano 2013, España alcanzou o 26,03% de desemprego, sendo o país da Unión Europea con maior taxa de desemprego, o que indica a preocupante situación na que se atopa o mercado laboral e, por conseguinte, a economía na Unión Europea, España e Galicia. Facendo unha análise máis pormenorizada, encontrámonos con que o número de desempregados aumenta en todos os concellos para todo o período analizado (táboa 2). É curioso comprobar as diferenzas existentes entre algúns concellos, como o de Ferrol, que é o concello con menor aumento de desempregados a pesar da forte crise que vén padecendo o sector naval, que ocupa a un gran número de habitantes da cidade, dende hai varios anos e coa consabida perda de emprego sobre todo nas compañías auxiliares, que son as que máis padeceron a perda de concesións por parte do goberno e empresas privadas.

Por outro lado, concellos como Narón, do cal xa vimos que era o que máis aumentaba a poboación para o mesmo período e sendo o concello que máis chan industrial posúe, é dos que máis aumenta o desemprego no devandito período. As razóns poden ser as xa argumentadas, que é un concello onde a maioría de habitantes son parellas novas ou de mediana idade e é neste rango de idade onde a crise máis se cebou. Despois de Narón, Cabanas é o concello onde máis aumenta o desemprego motivado seguramente por tratarse dun concello con pouca industria, centralizada a maior parte no polígono industrial que comparte con Fene e sendo un concello onde os servizos son limitados.

O mesmo ocorre si falamos do concello de Ares, que ademais de non ter polígono industrial, trátase dunha poboación que se duplica nos meses estivais e na fin de semana, debido a que dende fai uns anos está considerada segunda residencia de habitantes de outros lugares. Mugardos non tivo unha perda de emprego tan acusada como Narón ou Cabanas, senón que se atopa entre os catro concellos onde menos aumentou o desemprego. Fene, foi o segundo concello onde menos aumentou o número de desempregados debido

a que o concello está situado moi preto de Ferrol, que é a cidade con menor aumento de desemprego, como xa vimos.

Táboa 2. Evolución do número de desempregados. 2007-2013. Variación en porcentaxe.

	Desempregados 2007	Desempregados 2013	Var. %
Galicia	154.982	271.073	74,9%
Provincia A Coruña	62.474	105.585	69,0%
Ferrol	5.491	7.687	40,0%
Fene	901	1.405	55,9%
Ares	328	589	79,6%
Mugardos	342	576	68,4%
Narón	2.298	4.065	76,9%
Neda	298	524	75,8%
Pontedeume	467	760	62,7%
Cabanas	157	296	88,5%
PROMEDIO	1.285	1.988	68,5%
Total área de influencia	10.282	15.902	54,7%

Fonte: Elaboración propia a partir do Instituto Galego de Estatística (IGE)

Si analizamos as causas do incremento do desemprego no concello de Mugardos para o período 2010-2014 (gráfico 4), obsérvase que o problema do desemprego no concello é maior comparado cos municipios da área de influencia. Analizando por sectores, se aprecia que no sector servizos se produce un incremento do 33,8%, maior que o incremento para a área de influencia (22,9%). Este sector se volve primordial neste concello ó non ter polígono industrial. Aínda que o sector da agricultura aparece como segundo maior incremento do desemprego no gráfico, a realidade é ben distinta xa que non se trata dun sector predominante no concello.


O terceiro sector con maior número de empresas é o da construción, minguado nos últimos anos pois foi neste sector onde máis afectou a crise económica actual cun aumento do número de desempregados en torno ó 17,7%, dous puntos por riba do que acontece na área de influencia (15,4%). Outro sector que aumenta o número de desempregados é o da industria, sendo

este o que menos aumenta a causa de que este concello non ten carácter industrial como vimos anteriormente. A industria é limitada e pasa a ser o terceiro sector en orde de importancia.

En cambio, o sector sen emprego anterior é o único que diminúe no número de desempregados tanto para o concello de Mugardos como para área de influencia, que fan que se suavice aumento no número de desempregados total para o conxunto dos sectores económicos.

En definitiva, se falamos de desemprego, o incremento deste no concello de Mugardos e maior no sector servizos, e no sector da construción si o comparamos cos municipios da área de influencia derivado de que esta e máis o concello de Mugardos non teñen os mesmos sectores predominantes, como veremos máis adiante.

Gráfico 4. Desempregados por sectores en Mugardos. 2010-2014.
Variación en porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia a partir do Instituto Galego de Estatística (IGE)

Como podemos observar na táboa 3, o número de contratos a tempo completo diminuíu nun 53,9% no período analizado ó mesmo tempo que

aumenta o número de contratos a tempo parcial nun 65,9%. A explicación atopámola en dous eixes: por un lado, a incidencia da crise económica actual que provocou a perda de postos de traballo e destrución de empresas a un ritmo acelerado; por outro lado, a reforma laboral que levou a cabo o goberno no ano 2012, que abarata o despido.

No ano 2013 o número de contratos iniciais a tempo completo era case a metade que no ano 2007, o que mostra un cambio de tendencia no mercado de traballo onde proliferan os contratos a tempo parcial. Afondando un pouco máis no tema, observamos que aumentan nun 152,9% os contratos a tempo parcial eventuais por circunstancias da produción, por riba incluso que os de obra e servizo. Isto indica que a contratación que se está a producir é de carácter puntual.

**Táboa 3. Número de contratos rexistrados no concello de Mugardos.
2007-2013. Variación en porcentaxe.**

MUGARDOS	A tempo completo		Var. %	A tempo parcial		Var. %	Fixo discontinuo		Var. %
	2007	2013		2007	2013		2007	2013	
Total de contratos rexistrados	590	272	-53,9	138	229	65,9	0	1	100
Total de contratos iniciais	574	265	-53,8	130	215	65,4	0	0	0
Indefinido ordinario e fomento do emprego	28	6	-78,6	6	8	33,3	0	0	0
De obra ou servizo	419	98	-76,6	39	67	71,8	0	0	0
Eventual por circunstancias da produción	57	42	-26,3	51	129	152,9	0	0	0
Interinidade	36	106	194,4	33	8	-75,8	0	0	0
En prácticas	5	3	-40,0	1	2	100	0	0	0
Para a formación	10	0	-100	0	0	0	0	0	0
Outros	19	10	-47,4	0	1	100	0	0	0
Conversións a indefinidos	16	7	-56,3	8	14	75,0	0	1	100

Fonte: Elaboración propia a partir de Instituto Galego de Estatística (IGE)

Si falamos da conversión de contratos a indefinidos, aumenta no caso dos contratos a tempo parcial, polo que vemos que as empresas contratan inicialmente traballadores a tempo parcial e logo dun tempo, converten eses contratos en indefinidos.

Para coñecer a través de qué sectores se está a recuperar a economía galega, nos fixamos agora no número de afiliacións á Seguridade social habidas nos últimos anos. Na táboa 4 realizamos unha análise para o caso de Galicia, a provincia da Coruña, os concellos pertencentes á área de influencia e o concello de Mugardos, que é o obxecto principal desta análise.

Se observa na táboa 4 a perda de afiliacións por parte da seguridade social para o período analizado tanto en Galicia, como na provincia da Coruña, e os concellos da área de influencia. Sen embargo, non se produce variación en canto a afiliacións no sector primario do concello de Mugardos e hai un lixeiro incremento de afiliacións no sector servizos, que é o sector predominante neste concello.

Táboa 4. Afiliacións á Seguridade Social segundo sector. 2012-2014.
Variación en porcentaxe.

		Agricultura e pesca	Industria	Construción	Servizos	Non consta	Total
Galicia	2012/Mar.	65.384	138.407	80.972	635.960	7.820	928.543
	2013/Mar.	62.580	130.834	68.477	629.796	2.075	893.762
	2014/Mar.	61.703	128.245	67.143	632.073	1.649	890.813
	Var. % 12-14	-5,6%	-7,3%	-17,1%	-0,6%	-78,9%	-4,1%
A Coruña	2012/Mar.	24.757	54.671	34.984	275.139	2.778	392.329
	2013/Mar.	23.847	51.057	29.915	272.821	676	378.316
	2014/Mar.	23.581	50.073	29.606	273.465	552	377.277
	Var. % 12-14	-4,8%	-8,4%	-15,4%	-0,6%	-80,1%	-3,8%
Área influencia	2012/Mar.	1.018	7.674	3.871	31.866	502	44.931
	2013/Mar.	985	7.154	3.175	31.525	72	42.911
	2014/Mar.	982	6.576	2.883	31.616	62	42.119
	Var. % 12-14	-3,5%	-14,3%	-25,5%	-0,8%	-87,6%	-6,3%
Mugardos	2012/Mar.	101	269	182	971	13	1.536
	2013/Mar.	115	256	145	959	4	1.479
	2014/Mar.	101	237	132	974	3	1.447
	Var. % 12-14	0,0%	-11,9%	-27,5%	0,3%	-76,9%	-5,8%


Fonte: Elaboración propia a partir do Instituto Galego de Estatística (IGE)

Polo que parece pode ser unha boa oportunidade para o Centro de Iniciativas Empresariais do concello de Mugardos, pois os viveiros de empresas normalmente atraen empresas relacionadas co sector servizos.

5.2. SECTORES ECONÓMICOS PREDOMINANTES

Fíxose clásica a clasificación do conxunto de actividades económicas dun país en tres grandes grupos ou sectores: sector primario (minaría, agricultura, gandería, pesca e silvicultura), sector secundario (industrias manufactureiras ou transformadoras) e sector terciario (comercio e servizos en xeral). Pois ben, para coñecer cales son os sectores predominantes nunha economía analizamos neste caso o número de empresas.

Gráfico 5. Total de empresas Área de influencia e Mugardos. 2008-2012.
Variación en porcentaxe.



Fonte: Elaboración propia a partir do Instituto Galego de Estatística (IGE)

Como podemos observar no gráfico 5, a situación para o conxunto da economía da zona de influencia do concello de Mugardos é negativa, pois no

conxunto do período analizado perdeu en torno ó 9,1% de empresas na área de influencia e un 6,4% no propio concello. A situación ven agravada a causa da crise económica que comeza un ano antes e que provoca ademais da perda de empresas, unha perda alarmante de emprego e un empobrecemento da poboación. Como veremos máis adiante, analizando sector por sector, a situación non é tan drástica como aparece neste gráfico, pois é verdade que hai sectores que perden empresas, pero tamén hai outros que crecen entanto en número de empresas como de afiliacións á seguridade social.

Como podemos observar na táboa seguinte, os sectores predominantes no concello de Mugardos son os da construción, hostalaría e comercio. Na táboa 5 están representadas as 10 actividades que máis empresas teñen rexistradas no concello de Mugardos.

Táboa 5. Sectores predominantes no concello de Mugardos. 2012.

SECTORES PREDOMINANTES CONCELLO DE MUGARDOS	Nº empresas	% s/ total
56.3 Establecementos de bebidas	31	13,4%
47.2 Comercio a retalho de produtos alimenticios, bebidas e tabaco en establecementos especializados	14	6,1%
43.9 Outras actividades de construción especializada	13	5,6%
47.7 Comercio a retalho doutros artigos en establecementos especializados	12	5,2%
47.5 Comercio a retalho doutros artigos de uso doméstico en establecementos especializados	11	4,8%
43.3 Acabamento de edificios	9	3,9%
71.1 Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría e outras actividades relacionadas co aconsellamento técnico	9	3,9%
96.0 Outros servizos persoais	9	3,9%
86.9 Outras actividades sanitarias	8	3,5%
41.2 Construción de edificios	7	3,0%
47.1 Comercio a retalho en establecementos non especializados	7	3,0%
Resto de sectores	101	43,7%
TOTAL EMPRESAS CONCELLO DE MUGARDOS	231	100%

Fonte: Elaboración propia a partir do Instituto Galego de Estatística (IGE)

En cambio, na área de influencia atopamos que os sectores predominantes difiren dos do concello de Mugardos (táboa 6).

Táboa 6. Sectores predominantes Área de influencia. 2012.


SECTORES PREDOMINANTES ÁREA DE INFLUENCIA	Nº empresas	% s/ total
56.3 Establecementos de bebidas	935	11,0%
47.7 Comercio a retalho doutros artigos en establecementos especializados	489	5,8%
96.0 Outros servizos persoais	392	4,6%
47.5 Comercio a retalho doutros artigos de uso doméstico en establecementos especializados	326	3,8%
69.1 Actividades xurídicas	322	3,8%
71.1 Servizos técnicos de arquitectura e enxeñaría e outras actividades relacionadas co aconsellamento técnico	303	3,6%
41.2 Construción de edificios	254	3,0%
41.1 Promoción inmobiliaria	227	2,7%
43.2 Instalacións eléctricas, de fontanaría e outras instalacións en obras de construción	216	2,5%
43.9 Outras actividades de construción especializada	203	2,4%
Resto de sectores	4.281	50,5%
TOTAL EMPRESAS ÁREA DE INFLUENCIA	8.488	100%

Fonte: Elaboración propia a partir do Instituto Galego de Estatística (IGE)

Así, temos que a hostalaría, o comercio e o sector de outros servizos persoais son os predominantes, seguidos de cerca do sector das actividades científicas e técnicas e o da construción.

O gráfico 6 mostra unha comparativa do número de afiliacións no ano 2012 segundo sectores. Como podemos observar, para ambos os dous casos, o sector servizos é o que máis afiliacións tivo no 2012, moi por encima do seguinte dato, que é distinto segundo sexa o concello de Mugar dos ou a área de influencia do que esteamos a falar. Para o caso de Mugar dos, o seguinte sector que máis afiliacións tivo foi o sector da construción, en cambio para a área de influencia, este foi o sector da industria. É lóxico pensar que así sería xa que, como vimos no gráfico 3, os municipios que conforman a área de influencia posúen 6 polígonos industriais con máis de 5,4 millóns de metros cadrados dispoñibles para industrias, ningún deles no concello de Mugar dos.

Gráfico 6. Afiliacións Mugardos e Área de influencia. 2012.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos do Instituto Galego de Estatística (IGE)

O terceiro sector que máis afiliacións tivo no concello de Mugardos foi a industria, tal como veremos na táboa 8, trátase de pequenas empresas sen asalariados ou cun máximo de 5, na súa maioría. O terceiro sector predominante en canto a número de afiliacións para o caso da área de influencia é o da construción. Un sector que anos atrás tiña máis peso no conxunto das economías locais, pero veu a menos a raíz da crise actual.

Despois de ver todos os datos podemos afirmar que, aínda que os concellos próximos ó de Mugardos e o propio concello teñen sectores predominantes diferentes pode supoñer unha vantaxe de cara a acollida de emprendedores por parte do Centro de Iniciativas Empresariais.

5.3. INDICADORES DE EMPRENDEMENTO

Para determinar os posibles indicadores de emprendemento habidos nun territorio debemos analizar a situación empresarial en canto á creación de empresas e ó peche ou desaparición destas, así como a súa evolución nos últimos 5 anos e comprobar deste xeito a situación económica actual de cara a analizar a posta en marcha de actividades no Centro de Iniciativas Empresariais do concello de Mugardos.

Para medir a actividade emprendedora (e con iso a creación de empresas) utilízase o índice TEA. Tanto en Galicia coma en España continúa, por segundo ano consecutivo, a recuperación da actividade emprendedora aínda que nos encontramos a niveis do ano 2009 para o caso galego e unha tendencia máis positiva no caso español, xa que a actividade retomou o seu pulso de crecemento no ano 2011. A devandita tendencia continúa no ano 2012. A taxa de consolidación en Galicia non só crece, senón que se mantén entre as máis altas do conxunto das comunidades autónomas españolas, segundo datos do informe GEM Galicia 2012.

En Galicia existen no ano 2012, 204.049 empresas (un 2,89% menos que en 2008). Se nos fixamos na táboa seguinte, non todos os posibles sectores que poden formar parte do Centro de Iniciativas Empresariais diminuíron en número de empresas tanto no concello de Mugardos como na área de influencia. Así, sectores como o de actividades sanitarias e de servizos sociais, actividades englobadas dentro de outros servizos e actividades de outros sectores menos predominantes aumentan o número de empresas para o período analizado. Outros sectores, en cambio, diminúen en número de empresas para todos os concellos pertencentes á área de influencia incluso para Mugardos, agás as actividades pertencentes ó sector de actividades profesionais, científicas e técnicas, que no concello de Mugardos non varía para o período analizado, mentres que para o resto de concellos da área de influencia diminúe en dito período.

Táboa 7. Variación empresas segundo sectores de actividade. 2008-2012.
Variación en porcentaxe.

SECTORES ECONÓMICOS	ÁREA DE INFLUENCIA				MUGARDOS			
	2008	2012	Var. 12-08 (%)	Var. s/ total (%)	2008	2012	Var. 12-08 (%)	Var. s/ total (%)
C Industria manufactureira	515	489	-5	5,8	22	10	-54,5	4,3
F Construción	1.373	1.157	-15,7	13,6	36	35	-2,8	15,2
G Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas	2414	2143	-11,2	25,2	81	71	-12,3	30,7
H Transporte e almacenamento	479	410	-14,4	4,8	14	12	-14,3	5,2
I Hostalaría	1.221	1.168	-4,3	13,8	42	38	-9,5	16,5
M Actividades profesionais, científicas e técnicas	976	935	-4,2	11	14	14	0	6,1
Q Actividades sanitarias e de servizos sociais	354	380	7,3	4,5	9	11	22,2	4,8
S Outros servizos	485	514	6	6,1	12	13	8,3	5,6
Outros sectores	1.255	1.292	2,9	15,2	24	27	12,5	11,6
TOTAL	9.072	8.488	-6,4	100	254	231	-9,1	100

Fonte: Elaboración propia a partir do Instituto Galego de Estatística

A pesar da crise económica tanto a nivel nacional como autonómico que vimos padecendo nos últimos anos, puidemos comprobar como o índice TEA indica unha melloría na actividade emprendedora no último ano, cambiando a tendencia que viña padecendo a comunidade galega en anos anteriores. Isto vén apoiado polo aumento no número de empresas establecidas en Galicia nos últimos 5 anos (período 2008-2012). Na análise realizada na táboa 8, vemos como o total do número de empresas diminúe no período analizado tanto para o concello de Mugardos como para a área de influencia. En cambio, se nos fixamos no tipos de empresas no concello de Mugardos, vemos que aumentan as empresas sen asalariados e de 20 a 49 asalariados e diminúe no resto de empresas. Polo que é unha sinal clara de que no concello de Mugardos

estanse a crear empresas, a diferenza do que ocorre na área de influencia, no que diminúen para o período analizado.

Táboa 8. Empresas con actividade en Galicia segundo estrato de asalariados. 2007-2012. Variación en porcentaxe.

	Ano	Total	sen asalariados	de 1 a 2 asalariados	de 3 a 5 asalariados	de 6 a 9 asalariados	de 10 a 19 asalariados	de 20 a 49 asalariados	máis de 50 asalariados
Área influen- cia	2012	8.488	5.299	1.846	701	292	187	112	51
	% s/total	100	62,4	21,7%	8,3	3,4	2,2	1,3	0,6
	var % 07-12	-4,8	-2,6	-1,7%	-12,8	-23,0	-14,2	-18,2	-20,3
Mugar- dos	2012	231	156	50	15	2	3	4	231
	% s/total	100	67,5	21,6%	6,5%	0,9	1,3	1,7	100
	var % 07-12	-8,0	4,0	-21,9	-21,1	-77,8	-25,0	33,3	-8,0

Fonte: Elaboración propia a partir do Instituto Galego de Estatística (IGE)

Encontrámonos con datos positivos en canto á actividade empresarial galega no período analizado, curiosamente coincidente co da crise económica o que vén a demostrar que, aínda que a menor ritmo que en períodos anteriores ao 2008, o número de empresas en Galicia continúa en aumento, pese a que para determinados sectores mellor que para outros.

6. PAPEL QUE XOGAN OS VIVEIROS NA ECONOMÍA GALEGA

6.1. CONCEPTO DO VIVEIRO DE EMPRESAS

A definición de viveiro de empresas acuñouse na década dos 50 en Estados Unidos en *Silicon Valley* (California) a partir de iniciativas da Universidade de *Stanford*, a cal creou un parque industrial e, posteriormente, un parque tecnolóxico denominado *Stanford Research Park* co obxectivo de promover a transferencia de tecnoloxía desenvolvida na universidade cara ás empresas e a creación de novas empresas. En Europa, os viveiros de

empresas xorden principalmente en Inglaterra amparados pola *British Steel Corporation*, que estimulou a creación de pequenas empresas e nacen como organismos intermediadores tanto públicos coma privados que ofrecen unha serie de servizos a empresas con forte potencial de crecemento para axudalos a desenvolver e crear actividades innovadoras.

Durante a década dos 90, foron aparecendo programas tanto nacionais coma internacionais na esfera pública, particularmente na Unión Europea, cunha serie de medidas destinadas a eliminar os obstáculos ao desenvolvemento empresarial e para poñer en marcha iniciativas que impulsen a creación e o sostemento das empresas e apoiar a capacidade de emprender e xerar novos empregos (Rice, 2002).

Nos seus inicios, os viveiros tan só ofrecían un espazo físico onde as empresas podían instalarse, compartir un equipamento básico de tipo administrativo, obter unha información acerca de permisos, patentes, préstamos, recibir apoio e asesoramento en técnicas de dirección e mercadotecnia, gozar de servizos básicos a baixo custo e encontrar acceso a capital (Gatewood et al., 1985; Peterson, 1985; Allen, 1985). Co paso do tempo o papel dos viveiros de empresas foi evolucionando. A literatura económica subliña a importancia dos viveiros de empresas sobre a economía en xeral e sobre a creación de emprego en particular (Autio e Klofsten, 1998; Rice, 2002).

Hoxe en día, os viveiros de empresas son entidades que provén espazo físico e asistencia para a aceleración do desenvolvemento exitoso dunha aventura empresarial. A súa principal meta é fomentar empresas que sexan técnica, económica e financeiramente viables (Ferreiro, 2008). Posibilitan tamén a obtención dunha rede de contactos para a creación de novas empresas garantindo, en certa medida, un fluxo continuado e permanente de clientes e provedores. Ademais, as empresas que saen do viveiro fano cun gran potencial para crear emprego, revitalizar a economía local, comercializar novas tecnoloxías e fortalecer a economía rexional e nacional (NBIA 2007).

6.2. VANTAXES E DESVANTAXES DOS VIVEIROS DE EMPRESAS EN GALICIA

A grandes trazos, os viveiros de empresas presentan unha serie de vantaxes e limitacións derivadas; as primeiras, das achegas que estes realizan ao ámbito directo no que se instalan e derivadas, as segundas, da problemática que se traduce no fracaso das iniciativas empresariais.

Ferreiro e Vaquero (2010) fan unha análise exhaustiva tanto das vantaxes coma das limitacións principais dos viveiros de empresas. Por un lado, as principais vantaxes son:

- ✓ Un aumento das posibilidades de crear empresas coa consecuente xeración de emprego e a consolidación das ideas e proxectos que terían dificultades de ter éxito de non ser polo viveiro.
- ✓ A posibilidade de dispoñer dun espazo para o desenvolvemento da actividade empresarial a un prezo baixo, obtendo unha gran variedade de servizos comúns de asesoramento empresarial e, ao mesmo tempo, fomentar a formación empresarial.
- ✓ A consecución dunha gran variedade de sinerxías e un aproveitamento das experiencias doutros empresarios que se instalan no viveiro.
- ✓ A redución dos niveis de fracaso dos viveiristas, sendo menores que os obtidos fose das instalacións.
- ✓ A recolocación das empresas, tras o seu paso polo viveiro, nas súas instalacións. Ademais, isto pode chegar a converterse nunha clara vantaxe para o futuro desenvolvemento de parques tecnolóxicos ou industriais.
- ✓ O apoio complementario ás políticas públicas ou privadas para o desenvolvemento empresarial.
- ✓ O establecemento de relacións máis fluídas entre as institucións públicas e privadas, entre a sociedade e os empresarios do viveiro.
- ✓ O fomento da focalización de certas actividades nunha zona determinada, fortalecendo os sectores produtivos, a asignación de recursos e investimentos e a promoción de políticas industriais, de desenvolvemento urbano, de control ambiental, etc.

Por outro lado, os devanditos autores tamén sinalan as principais limitacións dos viveiros de empresas:

- Unha excesiva dependencia das axudas públicas, xa que en situacións de recesión se poden restrinxir ou eliminan apoios financeiros polas administracións responsables.
- A creación e o desenvolvemento de viveiros por decisións puramente políticas. Se isto é así, o máis normal é que o proxecto fracase, xa que se non existen ideas innovadoras e emprendedoras que o xustifiquen, a viabilidade económica será nula ou reducida, xa que máis que un viveiro se estaría a financiar a fondo perdido a un conxunto de empresas.
- A ausencia de relacións fluídas co sector empresarial. Se o viveiro non é capaz de atraer empresarios innovadores, con ideas de amplo potencial, resulta complicado que o proxecto funcione.
- Escaseza de intercambio de ideas entre os empresarios instalados no viveiro e aqueles fose deste. Un dos potenciais que debe desenvolver o viveiro son as relacións entre os distintos axentes, o que permite a creación de sinerxías á hora de vender o produto, captar clientes, facer unha fronte común respecto aos provedores, etc. Se iso non se consegue, dificilmente se pode falar de viveiro de empresas, só de arrendamentos de espazos a un custo reducido.
- Un excesivo custo do viveiro xa que este esixe dispoñer, ademais da construción e mantemento das infraestruturas, dun persoal formado e executar unha serie de gastos. Así, pode resultar unha opción moito máis económica a contratación de traballadores por parte das empresas a través de subvencións ao emprego, que non esperar que a empresa radicada no viveiro xere postos de traballo. O mesmo se pode argumentar para a contratación de técnicos que asesoren sobre o procedemento a seguir para o desenvolvemento dunha empresa, evitando ter persoal especializado adscrito a un viveiro.
- A creación inxustificada dos viveiros de empresas. Así, será necesario, ademais de cuantificar o esforzo económico que supuxo a creación e mantemento do viveiro, medir os resultados do investimento a través do número de empresas e empregos xerados, o número de entidades que

seguen funcionando tras pasar unha serie de anos e o investimento, tanto directa coma indirecta que se xerou na zona de influencia do viveiro.

6.3. IDENTIFICACIÓN DOS VIVEIROS NA PROVINCIA DA CORUÑA

Os viveiros de empresas galegos están establecidos en 12 das 53 bisbarras galegas, o que significa que están presentes no 23% das mesmas. En cambio, se se analiza a poboación que supoñen as devanditas bisbarras, esta alcanza a cifra do 64% da poboación galega e representa o 67% do PIB galego. Cabe destacar aquí que os emprendedores adoitan elixir o viveiro segundo a súa área de influencia sen facer referencia á súa provincia.

Se examina o impacto económico que pode ter un viveiro dende un punto de vista territorial, como se viron anteriormente as necesidades dos emprendedores, estes escollen un viveiro da súa zona de influencia non tendo como referencia espacial a provincia, á vez que moitos viveiros superan o municipio no que están instalados, polo tanto, considérase que é a bisbarra a dimensión territorial que mellor recolle o impacto que supón a presenza dun viveiro. Na táboa 9, se pode observar unha relación dos viveiros existentes na provincia da Coruña. Os viveiros se atopan maioritariamente ó redor de núcleos urbanos fortes, como Ferrol (con 2 viveiros), A Coruña (con 4 viveiros) ou Santiago (con 3 viveiros) nos que se sitúan o 80% dos viveiros existentes na provincia. En As Pontes, hai un pequeno viveiro con capacidade para 11 proxectos empresariais e que actualmente se atopa ó 100% de ocupación. O viveiro de Carballo é de recente creación cunha capacidade para 18 proxectos, aínda que actualmente solo se atopan 12 proxectos instalados.

Como podemos ver na táboa seguinte, os viveiros nos se distribúen homoxeneamente ao longo nin dos municipios nin das bisbarras da comunidade galega, estando estes maioritariamente ó redor das grandes cidades da provincia.

Táboa 9¹. Relación de viveiros existentes na provincia da Coruña. 2014.

Denominación do viveiro	Municipio	Bisbarra
Viveiro da Cámara de Comercio de Ferrol ²	Ferrol	Ferrol
Centro de Negocios e Incubadora de Empresas da Confederación de Empresarios de Ferrol	Ferrol	Ferrol
Centro de Desenvolvemento Empresarial e Incubadora de Empresas da Asociación Empresarial Seara	As Pontes	As Pontes
OTRI da Universidade da Coruña	A Coruña	A Coruña
Centro de Iniciativas Empresariais MANS	A Coruña	A Coruña
CEI O Igrexario do concello da Coruña	A Coruña	A Coruña
Viveiro de la Cámara de Comercio da Coruña	Carballo	Bergantiños
UNINOVA-USC	Santiago de Compostela	Santiago
Viveiro da Cámara de Comercio de Santiago de Compostela	Santiago de Compostela	Santiago
CEDE (Centro de Experimentación e Desenvolvemento Empresarial)-FEUGA	Santiago de Compostela	Santiago

Fonte: Ferreiro e Vaquero (2010) e elaboración propia

Como xa se comentou anteriormente, os emprendedores adoitan elixir o viveiro segundo a súa área de influencia sen facer referencia á súa provincia. Ademais, moitos viveiros superan o municipio no que están instalados polo que se considera a bisbarra como a dimensión territorial máis axeitada á hora de recoller o impacto que supón a presenza dun viveiro.

6.4. RENDIBILIDADE DOS VIVEIROS GALEGOS

O principal obxectivo dos viveiros é a creación de emprego e de novas empresas que perduren no tempo. No caso dos viveiros galegos, ata o ano 2013, contribuíron á creación de 1.044 empresas (Ferreiro et al., 2014). A creación de empresas vai unida á creación de emprego, polo que no que respecta á creación de emprego, obsérvase que a contribución dos viveiros galegos segue unha orde moi similar ao comentado anteriormente para o caso da creación de empresas. No ano 2013 creáranse 3.394 postos de traballo. No

¹ Existen viveiros de empresas en Centros de Formación Profesional como o Instituto Rodolfo Ucha e o IES de Fene que solo admiten emprendedores dos propios centros.

² O viveiro da Cámara de Comercio leva sen funcionar desde principios do 2013 por problemas económicos da propia Cámara. Estase a ter en conta xa que, aínda que agora mesmo non funciona, si creou empresas e empregos ata o período referido.

caso particular da provincia da Coruña e como se observa na táboa 10, se crearon no 2013 un total de 366 empresas e 1.103 empregos o que supón menos dun terzo do total de empregos creados no conxunto da economía galega.

E por último, é importante tamén mencionar neste apartado a taxa de abandono (porcentaxe de empresas nacidas no viveiro de empresas que abandona a actividade) e a taxa de ocupación (número de locais utilizados/número de instalacións do viveiro), pois o obxectivo dos viveiros non é só o de crear empresas, senón tamén facer que estas perduren no tempo para que xeren beneficios que contribúan á sociedade tanto no curto como no longo prazo e aumentar a rendibilidade dos recursos empregados maximizando a ocupación das instalacións. En xeral, os viveiros galegos teñen unha taxa de abandono moi pequena polo que se pode considerar un dato moi positivo.

Táboa 10. Contribución dos viveiros da provincia da Coruña. 2013.

Viveiro	Empresas acumuladas 2013	Emprego acumulado 2013	Taxa de abandono (en %) acum 2013	Taxa de Ocupación (en %) 2013
UNINOVA-USC	104	428	8,5	81
Cámara de Comercio de Santiago de Compostela	68	124	9,8	71,2
FEUGA	49	104	14,3	
CIE Mans	46	155	7,9	55
OTRI-UDC	28	90	12,9	100
Cámara de Comercio de Ferrol	24	50	12,1	92
Cámara de Comercio de A Coruña	18	81	7,3	62
CEF de Ferrol	8	21	7,5	60
CIE Seara	3	8	0	28,6
Centro Municipal de Empresa del ayuntamiento de A Coruña	18	42	5,5	85
TOTAL /PROMEDIO	366	1.103	8,6	70,5

Fonte: Elaboración propia a partir de Ferreiro (2014)

A contribución dos viveiros de empresas á economía galega foi analizada por Ferreiro (2014) que utilizou o método da balanza fiscal nunha

adaptación de mesmo. Este método pode utilizarse para medir a rendibilidade económica e social dos viveiros de empresas e consiste en analizar a rendibilidade dos recursos públicos invertidos para promover a actividade económica na zona (Vaquero e Ferreiro, 2012). Para iso compáranse os investimentos públicos realizados e compárase cos ingresos fiscais e cotizacións da seguridade social a través da creación de empresas e xeración de emprego nos viveiros. Este método está inspirado na guía da análise custo-beneficio dos proxectos de investimento (Comisión Europea, 2003) considerada para os investimentos en polígonos industriais e parques tecnolóxicos, pero adaptado ao caso dos viveiros de empresas. Pois ben, as empresas que están instaladas nos viveiros teñen ingresos e contribúen á economía galega a través de impostos como o IRPF, o IVE ou o imposto de sociedades, ou ingresando as cotas á Seguridade Social. Ademais, estas empresas teñen traballadores contratados, polo que estes traballadores tamén contribúen mediante o pago de impostos. Sen esquecer, que os viveiros galegos teñen persoas contratadas (xerentes, aedls³, etc.) que tamén contribúen á economía galega, segundo Ferreiro (2014).

Como conclusión a este apartado, podemos afirmar que os viveiros galegos son rendibles pois aportan uns ingresos ás arcas públicas vía impostos e cotizacións sociais. Non obstante, para lograr tales cifras, tamén se tiveron que empregar unha gran cantidade de recursos, achegados tanto por parte do sector público coma por parte dos emprendedores ou outros axentes privados a través de cotas e outras achegas.

7. NECESIDADES DOS EMPRENDEDORES NOS VIVEIROS

Neste apartado analízase que espera un emprendedor dun viveiro empresarial e cales son as súas necesidades. No traballo feito por Ferreiro e Vaquero (2010) detéctase que cando un emprendedor decide emprender e se decata de que existe un viveiro na zona onde quere levar a cabo a súa iniciativa empresarial, céntrase no prezo xa que nun momento de crise con claras restricións financeiras, cando un emprendedor empeza a súa actividade

³ Axentes de Emprego e Desenvolvemento Rural.

empresarial é moi sensible ao prezo que paga de aluguer, sendo para os emprendedores unha variable importante como causa de elección dun viveiro fronte a outro. A segunda variable na que os emprendedores se fixan é na situación xa que apenas hai casos de emprendedores que se desprazan dunha cidade a outra ao considerar que un viveiro puidese axudalo máis ou o prezo é máis vantaxoso que na súa zona de influencia.

Case coa mesma valoración demandan unha profesionalidade por parte do equipo responsable do viveiro, valorando moito un bo asesoramento, información das axudas, formación, unha boa titorización e unha boa xestión do viveiro que permita mellores oportunidades para os emprendedores.

En cuarto lugar, valoran uns servizos comúns, é dicir, agradecen ter unha centralita común, fotocopiadora, recollida de paquetería, aulas comúns para facer reunións, formación e todo aquilo que xera sinerxías entre os emprendedores (Vaquero e Ferreiro, 2011). Por último, os emprendedores valoran a calidade da oficina, é dicir, unhas instalacións correctas onde poidan levar a cabo os seus proxectos empresariais.

8. CENTRO DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS DO CONCELLO DE MUGARDOS

8.1. OBXECTO

Os obxectivos do Centro de Iniciativas Empresariais do concello de Mugardos serían:

- Apoiar a posta en marcha de novos proxectos empresariais que teñan viabilidade, independentemente do sector ao que pertenza a iniciativa emprendedora.
- Axudar ós emprendedores a superar a etapa inicial de risco, desenvolvendo un plan de empresa que lles permita competir no mercado.
- Asesorar ós emprendedores, tanto os que estean fisicamente no viveiro como os que sexan emprendedores de xeito virtual, ou os que demanden os servizos do Centro.

- Potenciar os contactos entre as empresas vinculadas ao Centro de Iniciativas Empresariais, así como fomentar a súa integración co entorno e axentes socioeconómicos.
- Facilitar a formación que permita a adquisición de coñecementos e desenvolvemento das habilidades necesarias para mellorar a xestión das empresas.
- Contribuír á diversificación e dinamización da economía local.

8.2. SERVICIOS PRESTADOS POLO CENTRO DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS

Recomendamos que o Centro de Iniciativas Empresariais preste os seguintes servizos:

- Aluguer físico e asesoramento ás empresas que se instalen no viveiro.
- Vinculación virtual. É unha modalidade onde o emprendedor non está fisicamente, tendo dereito todos os emprendedores a un uso dos servizos comúns tales como sala de xuntas, sala de formación, asesoramento que ofrece o viveiro.
- Titorización a emprendedores. Aqueles proxectos que non estean nin física nin virtualmente se lles pode ofrecer unha titorización personalizada por un tempo para axudar o desenvolvemento do negocio.
- Proceso de mentorización. Na medida do posible se buscaría a colaboración dos empresarios experimentados asentados no concello co obxectivo de que contribúan ó desenvolvemento do negocio con consellos sobre dirección de empresas, provedores, etc.
- Asesoramento empresarial. Neste caso, o Centro de Iniciativas Empresariais de Mugardos daría asesoramento ás empresas e aos emprendedores do concello que necesitaran para levar a cabo o seu negocio.
- Formación orientada aos emprendedores, empresarios, autónomos.

- Difusión da cultura emprendedora e creación de novas empresas.

8.3. REQUISITOS PARA ACCEDER AOS SERVIZOS DO CENTRO DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS DO CONCELLO DE MUGARDOS

Tendo en conta os servizos que ofrece o Centro de Iniciativas Empresarias, entendemos que os requisitos varían segundo o servizo.

8.3.1. CRITERIOS PARA ACCEDER ÁS OFICINAS DO VIVEIRO DE MUGARDOS

O primeiro criterio é que o concello de Mugardos, con perda de poboación e de actividade empresarial, non pode pechar as portas do Centro de Iniciativas Empresariais a ningún sector, nin a ningún emprendedor pola actividade que escolla para desenvolver. Iso si, establecerase unha prioridade para os emprendedores empadroados no concello de Mugardos.

O segundo criterio que debe terse en conta é que sexa un emprendedor, é dicir, unha actividade nova que se estea a desenvolver, ou recentemente constituída, ou aínda pendente de constituírse. Polo tanto, consideramos que se deberían admitir os seguintes casos:

- a. Os empresarios que leven menos dun ano coa actividade.
- b. Os emprendedores que non o son aínda pero co compromiso de que se constituán como empresarios nun máximo de 6 meses a contar desde a súa incorporación ó viveiro. Introdúcese así o concepto de semilleiro, que consiste en que os emprendedores pasen un tempo no viveiro facendo o plan de empresa e madurando a idea con asesoramento específico nese tema antes de desenvolvela e incorrer en custes innecesarios.

O terceiro requisito a ter en conta é a viabilidade do proxecto, incluso con carácter eliminatorio cando non se cumpra o mencionado requisito. É dicir, un viveiro de empresas non debe alugar un espazo a potenciais emprendedores que non presenten un proxecto viable. Nestes casos, o centro debe asesoralo en xeración e maduración de ideas empresariais.

O cuarto criterio sería discriminar positivamente aqueles colectivos de difícil inserción laboral, tales como maiores de 45 anos, mulleres, inmigrantes, desempregados, diminuídos físicos ou psíquicos ou aqueles proxectos que leven o compromiso de contratar persoal deses colectivos.

O quinto criterio a valorar sería o carácter innovador do proxecto, é dicir, canto máis innovador sexa o proxecto máis opcións debería ter para estar no viveiro.

O sexto criterio sería o perfil do emprendedor, facendo un test do emprendedor pódese cuantificar si ten unha tendencia a emprender ou non. O test de emprendedor é unha ferramenta que permite analizar ao emprendedor permitíndolle unha autoavaliación das súas actitudes, aptitudes e habilidades como futuro empresario. Esta análise facilitará tamén información de utilidade para o asesor ou técnico, sobre a capacidade emprendedora do usuario e daralle pistas sobre a forma de proceder en función dos resultados, orientándolle cara á formación necesaria no caso de que o resultado sexa negativo, ou continuar co proceso se este é positivo.

8.3.2. REQUISITOS PARA OS EMPRENDEDORES NO VIVEIRO VIRTUAL

Neste caso non hai un problema de limitación de espazo, deberíase poder permitir acceder a todas as empresas ós servizos que ofrece o viveiro a cambio dun prezo. Os emprendedores virtuais non ocuparían un espazo físico no viveiro pero si demandarían o asesoramento para desenvolver o seu negocio.

8.3.3. TITORIZACIÓN DE PROXECTO A EMPRENDEDORES

O Centro de Iniciativas Empresariais do concello de Mugar dos debería ofertar gratuitamente durante seis meses cunha duración de unha hora semanal, prorrogables a outros seis (mantendo a duración de unha hora semanal), a titorización directa ós emprendedores que o requiran, dándolle preferencia aos emprendedores do concello.

8.3.4. ASESORAMENTO E FORMACIÓN

O Centro de Iniciativas Empresariais de Mugardos debería ofertar gratuitamente asesoramento a emprendedores, empresarios e autónomos, estean ou non no viveiro de empresas cando o necesiten.

No caso da formación, debería ofrecer as posibilidades de formación a todo tipo de emprendedor, sen ningún tipo de restricións.

8.4. SELECCIÓN DOS PROXECTOS

A selección dos proxectos correría a cargo de dous representantes do concello, así como dun ou varios expertos que axudaran na selección dos proxectos máis idóneos, en base os criterios do epígrafe 8.3.1, en todo caso sempre sería un número impar.

8.5. SITUACIÓN E CARACTERÍSTICAS

Eran varias as posibilidades de instalación do Centro de Iniciativas Empresariais do concello de Mugardos. Decantámonos finalmente por dúas posibles situacións dentro do ámbito do concello que non requirían construír unha nova edificación evitando os elevados custes que este feito supón. Finalmente, pensamos en dúas posibles situacións.

A primeira, na antiga Escola Unitaria de As Feiteiras, composta por planta baixa e primeiro andar. Primeiramente se pensa neste entorno xa que é un inmovible propiedade do concello que actualmente se atopa baleiro e sen uso. Se descarta unha vez se comproba que a rehabilitación de este edificio levaría investir unha morea de cartos, dos que o concello non dispón e sería moi difícil que concedan unha subvención para esta rehabilitación. Xa hai elaborado un proxecto de rehabilitación do inmovible, con diferente uso, pero quedou parado por falta de financiamento.

A continuación se mostran tres imaxes que testemuñan o estado no que se atopa actualmente a edificación e da lugar a imaxinar a cantidade que se necesitaría investir.

Imaxe 1. Vista do edificio da antiga escola de As Feiteiras. Parte traseira.



Fonte: 2014

Imaxe 2. Vista do interior da antiga escola de As Feiteiras.



Fonte: 2014

Imaxe 3. Vista da antiga escola de As Feiteiras. Parte dianteira.



Fonte: 2014

Descartado este primeiro lugar, nun segundo momento se pensa na casa comunitaria que é propiedade do concello de Mugardos, perfectamente rehabilitada e amoblada parcialmente. O primeiro uso desta edificación era o de acollida temporal para maiores e xente válida. Por uns motivos ou outros a propiedade está baleira e, ó non facer falta apenas de investimentos, cremos que é a situación perfecta para o Centro de Iniciativas Empresariais do concello de Mugardos.


O centro está situado na rúa Fene nº 5 e ten un total de 143,20 m². Consta de dúas plantas, cunha superficie útil de 66,85 m² a planta baixa e 76,35 m² a planta alta. O conxunto das oficinas estaría situado no primeiro andar cun total de 5, contando con sala de reunións, *office*, e unha pequena recepción na planta baixa.

Táboa 11. Distribución do centro.

Planta primeira	
Salas	Útiles (m²)
Oficina 1	14,75
Oficina 2	12,2
Oficina 3	12,2
Oficina 4	10,8
Oficina 5	8,45
Escaleira	5,9
Distribuidor 2	6,15
Aseo	5,9
Total	76,35
Planta baixa	
Office	14,05
Aseo	5,95
Sala de Xuntas	14,2
Recibidor	4,4
Distribuidor 1	28,25
Total	66,85

Fonte: Elaboración propia a partir dos planos cedidos polo concello de Mugardos

PLANO 2. PLANTA ALTA




Fonte: Elaboración propia

8.6. TEMPO DE ESTANCIA

O tempo medio de estancia máxima permitida nos viveiros de empresas galegos é de 37,1 meses, pero neles atopamos viveiros tecnolóxicos⁴ e industriais que permiten un tempo maior para madurar os seus negocios, estando neste senso de acordo co que Ferreiro e Vaquero (2010) afirman no seu traballo. Así, vemos como a maioría dos viveiros permiten permanecer neles un máximo de 2-3 anos, como se observa no gráfico 7.

Gráfico 7. Tempo de estancia permitido nos viveiros galegos, en porcentaxe



Fonte: Elaboración propia

No caso do Centro de Iniciativas Empresariais do concello de Mugardos, creemos que o mellor sería establecer concesións por dous anos. No terceiro ano poderase solicitar dúas prórrogas de seis meses cada unha ata completar os tres anos, sempre e cando non houbera ningún solicitante demandando

⁴ Os viveiros tecnolóxicos son aqueles que só asesoran ou aceptan nas súas instalacións iniciativas se son de base tecnolóxica ou claramente innovadoras. Actualmente, existen catro viveiros tecnolóxicos moi vinculados á universidade e representan o 17,3% do total dos viveiros galegos.

unha oficina do viveiro. Por contra, o emprendedor debe ter a potestade de deixar o viveiro preavisando cun mes de antelación.

8.7. TARIFA DE PREZOS

En ningún viveiro de Galicia os prezos cobrados ós emprendedores son suficientes para cubrir os gastos do mesmo, sento polo tanto un prezo político co que se pretende axudar ós emprendedores a desenvolver a súa empresa nos primeiros anos, nos que os novos empresarios teñen que ter moita conta dos gastos. Isto leva a que existan moitas diferenzas de prezos entre un viveiro e outro, chegando incluso a cobrar 12 €/m² ó mes.

Para establecer os prezos do Centro de Iniciativas Empresariais do concello de Mugardos, dado que é un viveiro pequeno situado nun concello con menos de 6.000 habitantes, entendemos que debemos aplicar os seguintes criterios:

1. Usar referencias doutros viveiros, pero tampouco podemos establecer unha política de prezos parecida á que poden cobrar nas grandes cidades de Galicia. No viveiro da Confederación de empresarios de Ferrol, cunha ocupación do 100%, estase a cobrar un prezo medio de 10 €/m². No viveiro de Seara-As Pontes están a cobrar un prezo medio de 7,5 €/m², tendo 100% de ocupación. Por ter outra referencia, e aínda que non está na área de influencia, o viveiro da Cámara de Comercio da Coruña (situado no concello de Carballo), cunha ocupación do 66,67%, ten un prezo medio de 8,33 €/m² para non socios, pasando a cobrar 5 €/m² para os socios da Cámara.
2. Cando os emprendedores manifestaron as súas necesidades, un prezo baixo non foi o que máis demandaron. Valoran e prefiren un bo servizo do viveiro, a só recibir un aluguer barato polo uso da oficina. Por outro lado, o emprendedor manifestase máis sensible ó prezo nos primeiros meses da actividade estando disposto a asumir un maior custe co paso do tempo.

3. O emprendedor ten que acostumarse a competir no mercado, e polo tanto asumir un custe pola utilización duns recursos. Ademais, está o tema da competencia desleal, xa que si resulta que un emprendedor que está no viveiro apenas paga e outro que está fóra paga un gran diferencial, prodúcese unha inxustiza entre ambos emprendedores polo feito de estar ou non no viveiro.

Tendo en conta todos estes argumentos propoñemos unha tarifa discriminatoria de prezos en función do tempo de estancia do emprendedor. Así teríamos tres tarifas para os emprendedores situados:

- a) Tarifa reducida. Sería un custe de 5 €/m² para os primeiros seis meses de estancia do emprendedor.
- b) Tarifa Normal. O prezo sería de 8 €/m² desde o sétimo mes ate o 24 mes.
- c) Tarifa Incrementada. O prezo sería de 16 €/m² para aqueles que habendo estado dous ano solicitaran a prórroga de seis mes de estancia.

Táboa 12. Tarifa de prezos.

Oficina	m-2	Tarifa Reducida		Tarifa Normal		Tarifa Incrementada	
		€/m ²	€/mes	€/m ²	€/mes	€/m ²	€/mes
Oficina 1	14,75	5	73,75	8	118,00	16	236,00
Oficina 2	12,20	5	61,00	8	97,60	16	195,20
Oficina 3	12,20	5	61,00	8	97,60	16	195,20
Oficina 4	10,80	5	54,00	8	86,40	16	172,80
Oficina 5	8,45	5	42,25	8	67,60	16	135,20
Emprendedor virtual					25,00		
Aluguer sala de xuntas empresas externas					20 €/hora		

Fonte: Elaboración propia

Os emprendedores virtuais pagarían un prezo de 25 €/mes e a sala de xuntas ou de formación para uso das empresas que estean fóra do viveiro podería alugala por un prezo de 20 €/hora, pero sempre tendo prioridade as empresas que estean no viveiro.

8.8. SERVIZOS INCLUÍDOS NO PREZO

8.8.1. EMPRENDEDORES CON OFICINAS PRIVADAS

Os servizos que estarían incluídos no prezo serían:

- Un espazo privativo con total liberdade de acceso de entrada e de saída, dotado de iluminación, liña telefónica⁵, internet e mobiliario básico de oficina.
- A limpeza⁶ das instalacións comúns.
- Dereito a usar a sala de xuntas e formación, e salas comúns para uso interno⁷.
- Servizo de titorización, asesoramento e información.
- Formación facilitada polo centro.
- Accións desenvolvidas polo Centro de Iniciativas Empresariais para fomentar a interrelación entre os emprendedores e os axentes socioeconómicos.

8.8.2. EMPRENDEDORES VIRTUAIS

Para o caso dos emprendedores virtuais, os servizos incluídos no prezo serían:

- Dereito a usar a sala de xuntas e formación, e salas comúns para uso interno.
- Servizo de titorización, asesoramento e información.
- Formación facilitada polo centro.
- Accións desenvolvidas polo Centro de Iniciativas Empresariais para fomentar a interrelación entre os emprendedores e os axentes socioeconómicos.

⁵ No caso de que se poda individualizar o consumo.

⁶ A limpeza das oficinas de uso privativo será por conta do emprendedor.

⁷ Sempre e cando este aluguer non xere un beneficio directo para o emprendedor ou empresario que forma parte do viveiro. Por exemplo, no caso de que un emprendedor queira a sala de xuntas para dar un curso de formación polo que obteña unha contraprestación económica. Nese caso, o emprendedor tería que aboar a tarifa como si non estivese vinculado ó viveiro.

8.9. FORMA XURÍDICA DO CENTRO DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS

Entendemos que, inicialmente, o mellor xeito de xestionar o Centro de Iniciativas Empresariais sería directamente tal como se fai maioritariamente nos concellos que xestionan viveiros.

8.10. PÚBLICO OBXECTIVO

O perfil sociolóxico dos emprendedores que usan os viveiros de empresas corresponde a varóns (74,2%), fronte a un 25,8% das mulleres. A media de idade é de 34,8 anos con experiencia no mundo laboral e con ampla formación, xa que a maior parte dos emprendedores posúe formación universitaria (Ferreiro, 2014).

Entendemos que é necesario facer unha política de comunicación chegando aos colectivos universitarios, sen descartar outros colectivos, como estudantes de bacharelato, de formación profesional ou profesionais con experiencia no mercado de traballo que queiran desenvolver unha idea empresarial.

8.11. RECURSOS HUMANOS

Tal como vimos no epígrafe onde se sinalaban as necesidades dos emprendedores, unha das máis requiridas era recibir un bo asesoramento e ter un eficiente equipo responsable do viveiro que axude aos emprendedores a desenvolver os seus negocios. Por isto recomendamos que o responsable do viveiro de empresas sexa unha persoa con amplos coñecementos do mundo empresarial, experiencia en titorizar proxectos aos emprendedores, comunicativa, dinámica e con capacidade de liderar o Centro de Iniciativas Empresariais.

Entendemos que é o Concello de Mugardos o que ten a responsabilidade do viveiro e que conta con un AEDL con ampla experiencia que pode coordinar o Centro de Iniciativas Empresariais. Non obstante, recomendamos que a función de asesoramento sexa subcontratada a expertos

da materia que podan axudar ós emprendedores a levar a cabo con éxito a súa iniciativa emprendedora.

As responsabilidades da persoa encargada da dirección do centro serían:

- Atender o Centro de Iniciativas Empresariais do concello de Mugardos.
- Organizar os eventos relacionados coa actividade económica que o concello estime necesario así como os que se lles ocorra aos responsables do centro.
 - Fomentar a difusión da cultura emprendedora no territorio para impulsar a actividade empresarial.
 - Informar das subvencións tanto aos emprendedores, como a autónomos e empresarios.
 - Trámites coa administración. Informará sobre os trámites habituais ante a administración, en especial coa creación e posta en marcha e a contratación de traballadores.
 - Servizo de formación empresarial. Outro aspecto é o deseño, organización e impartición de accións formativas.
 - Servizo de apoio á cooperación promovendo e facilitando a colaboración entre as empresas do territorio para unha estratexia conxunta.
 - Servizo de apoio á innovación. Incrementar a competitividade das empresas mediante o estímulo á innovación e á investigación.

As responsabilidades do servizo de asesoramento serían:

- Asesorar aos emprendedores no desenvolvemento dos seus proxectos para que sexan viables e poidan competir no mercado, polo tanto han de axudar á realización dun plan de empresas e da súa posta en marcha:
 - Presentación do proxecto empresarial.
 - Actividade da empresa, produtos e servizos que se ofrecen.
 - Mercado.
 - Comercialización do produto ou servizo.

- Proceso de produción ou prestación do servizo.
- Localización da empresa.
- Recursos humanos.
- Plan económico-financeiro.
- Aspectos formais.

9. PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO DO CENTRO DE INICIATIVAS EMPRESARIAIS NO CONCELLO DE MUGARDOS

9.1. INVESTIMENTOS

O investimento máis importante xa está feito, pois a edificación onde se vai asentar o Centro de Iniciativas Empresariais do concello de Mugardos está lista para utilizar.

Como novos investimentos serían necesarios a rede de internet que o concello poñería a disposición dos emprendedores e, de ser o caso discriminar consumos unha centralita onde os emprendedores reciban as chamadas telefónicas e mobiliario básico. O importe total estimado pode ser duns 5.000 euros.

Táboa 13. Investimentos para a posta en marcha do viveiro de Mugardos.

	Número	Prezo €/ud	Importe €
Mesa oficina	6	193,6	1.161,6
Estanterías	7	90,0	630,0
Cadeiras xiratorias	6	72,6	435,6
Confidentes	22	20,0	440,0
Mesa sala de Xuntas	1	300,0	300,0
Sofá	2	359,0	718,0
Centralita	1	471,0	471,0
Cableado	1	600,0	600,0
Outros	1	500,0	500,0
Total Investimentos			5.256,20

Fonte: Internet

9.2. INGRESOS

O capítulo de ingresos do Centro de Iniciativas Empresariais do concello de Mugardos se pode clasificar nas seguintes categorías:

- Aluguer de espazo a emprendedores. Tendo en conta os prezos establecidos, os metros cadrados de cada oficina, e estimando a taxa de ocupación podemos determinar o seu ingreso. A razón desta oscilación se atopa en que a ocupación variará dependendo dos emprendedores que soliciten oficina no viveiro e que os prezos varían en función da estadia. Así, no primeiro ano a taxa de ocupación a estimamos nun 51,7%. No segundo ano melloran os ingresos motivado porque os emprendedores estarían os 12 meses vinculados ao viveiro e os prezos son maiores pasados os seis meses iniciais. No terceiro ano os ingresos descenden porque algúns emprendedores se marchan ao chegar ao terceiro ano, e porque os novos pagarían durante seis meses a tarefa reducida. A partir de aí, ó cuarto ano suporía uns ingresos parecidos ó ano segundo e ó quinto ó terceiro. En todo caso as taxas de ocupación a partir do segundo ano estaría en torno ó 95%.
- A pesar de que existan prezos para emprendedores virtuais e aluguer da sala de xuntas, non imos a ter en conta o ingreso por prudencia. En todo caso, os ingresos son pequenos xa que o centro terá poucos espazos que alberguen a emprendedores ao ser un viveiro de reducidas dimensións.

Táboa 14. Evolución dos ingresos previstos do viveiro a través das cotas dos emprendedores.

1º Ano						
Nº salas	Nº emprendedor	Nº meses	Prezo	m ²	Importe mes	Importe ano
1	1	6	5	14,7	73,5	441,0
1	1	4	8	14,7	117,6	470,4
2	2	6	5	12,2	61,0	366,0
2	2	2	8	12,2	97,6	195,2
3	3	6	5	12,2	61,0	366,0
4	4	4	5	10,8	54,0	216,0
5	5	3	5	8,45	42,3	126,8
Total		31				2.181,4
Tasa Ocupación		51,7 %				
2º Ano						
Nº salas	Nº emprendedor	Nº meses	Prezo	m ²	Importe mes	Importe ano
1	1	12	8	14,7	117,6	1.411,2
2	2	12	8	12,2	97,6	1.171,2
3	3	12	8	12,2	97,6	1.171,2
4	4	2	5	10,8	54,0	108,0
4	4	10	8	10,8	86,4	864,0
5	5	3	5	8,45	42,3	126,8
5	5	7	8	8,45	67,6	473,2
Total		58				4.852,4
Tasa Ocupación		96,7 %				
3º Ano						
Nº salas	Nº emprendedor	Nº meses	Prezo	m ²	Importe mes	Importe ano
1	6	6	5	14,7	73,5	441,0
1	6	6	8	14,7	117,6	705,6
2	2	4	8	12,2	97,6	390,4
2	7	6	5	12,2	61,0	366,0
3	3	6	8	12,2	97,6	585,6
3	8	6	5	12,2	61,0	366,0
4	4	8	8	10,8	86,4	691,2
4	9	4	5	10,8	54,0	216,0
5	5	3	8	8,45	67,6	202,8
5	10	6	5	8,45	42,3	253,5
5	10	2	8	8,45	67,6	135,2
Total		57,0				4.353,3
Tasa Ocupación		95,0%				

Fonte: Elaboración propia

9.3. DESEMBOLSOS ECONÓMICOS

O desembolso de gastos previstos para os vindeiros cinco anos ten de media uns 7.000 euros anuais, sendo de menor contía o primeiro ano polo menor gasto en titorización a emprendedores. O gasto mais importante sería o de asesoramento, o cal está calculado a razón de 1 hora semanal a cada emprendedor durante 6 meses, prorrogables a outros 6, e tendo en conta o número de emprendedores existentes por ano.

Táboa 15. Desembolsos económicos previstos para cinco anos.

	1º ano	2º ano	3º ano	4º ano	5º ano	Promedio
Subministracións	2.000	2.000	2.000	2.000	2.000	2.000
Mantemento	600	600	600	600	600	600
Outros	600	600	600	600	600	600
Tutorización	3.255	4.060	3.990	4.060	3.990	3.871
Total Gastos	6.455	7.260	7.190	7.260	7.190	7.071

Fonte: Elaboración propia

9.4. CONTA DE RESULTADOS

Analizando a conta de resultados a cinco anos (táboa 1), observamos que os resultados medios para os cinco anos son de 2.853 euros, polo tanto falar da posta en marcha dun viveiro supón aportar polo Concello uns 3.000 euros para crear cinco empresas cunha estimación de 9-10 postos de traballo, implicaría que o concello estaría subvencionando cada posto de traballo nuns 300 euros por ano, cantidade que recupera a administración pública só coa cota de autónomos dos emprendedores.

**Táboa 16. Previsión da conta de resultados do Centro de Iniciativas
Empresariais do concello de Mugardos.**

Conceptos	1º ano	2º ano	3º ano	4º ano	5º ano	Promedio
Ingresos	2.181	4.852	4.353	4.852	4.852	4.218
Subministracións	2.000	2.000	2.000	2.000	2.000	2.000
Mantemento	600	600	600	600	600	600
Outros	600	600	600	600	600	600
Tutorización	3.255	4.060	3.990	4.060	3.990	3.871
Total Gastos	6.455	7.260	7.190	7.260	7.190	7.071
Resultado	-4.274	-2.408	-2.837	-2.408	-2.338	-2.853

Fonte: Elaboración propia

10. CONCLUSIÓNS

Aínda que o concello de Mugardos pode caracterizarse cun elevado dinamismo económico en comparación con outros das mesmas características da zona, o certo é que estes últimos anos está a padecer unha perda de poboación constante, unido isto á dificultade dos veciños e veciñas do concello para encontrar traballo. Como vimos, o número de desempregados aumenta nos últimos 6 anos como resultado da empobrecemento que está a sufrir o país derivado da crise económica que estamos a sufrir desde o ano 2007.

O sector servizos é o predominante no concello, por diante da construción e a industria, como vimos no documento. Estes sectores atópanse actualmente perdendo empregos debido á situación económica na que se atopa o país e por extensión o propio concello. Ademais, o número de afiliacións diminúen para todos os sectores, agás para o sector servizos que comeza a reflotar o número de traballadores, tanto por conta propia coma por conta allea. Este incremento de traballadores por conta allea da lugar a un aumento no número de contratos que, como vimos para o período 2007-2013, son na súa maioría temporais, de duración determinada e a tempo parcial.

Estes motivos fan necesaria a intervención do propio concello buscando mellorar a calidade de vida dos seus habitantes.

Unha das ferramentas que máis está a contribuír ó desenvolvemento económico local son os viveiros de empresas ou Centros de Iniciativas Empresariais. Así, dos viveiros galegos levan saído, ata o ano 2013, a cantidade de 1.044 empresas e cunha creación de emprego de 3.394 postos de traballo. Se falamos dos viveiros situados na provincia da Coruña, se crearon 366 empresas e 1.103 postos de traballo (táboa 10). Un dato moi bo para un momento de crise como o actual e que avala este tipo de instrumento de promoción económica.

Analizando a presenza de viveiros de empresas preto do concello de Mugardos, atopamos que existe actualmente un viveiro situado no concello de Ferrol pertencente á Confederación de empresarios e que actualmente ten una taxa de ocupación do 100%. Pero o que se está pensando para o concello de Mugardos sería máis que un simple viveiro, xa que un Centro de Iniciativas Empresarias ademais de albergar empresas fisicamente, pode telas virtualmente e asesorar a outros emprendedores que pola súa actividade non precisan das instalacións físicas pero si do asesoramento, difundindo a cultura emprendedora, formando a empresarios e autónomos, fomentando as relacións con outras entidades que apoiem o desenvolvemento da bisbarra.

O que máis necesitan os emprendedores é un bo asesoramento para levar a cabo os seus proxectos empresariais, polo tanto, o Centro de Iniciativas Empresariais non debe ser unha mera cesión de espazos a prezos máis baixos do mercado, nin gratuíto. O centro ten que buscar á máxima integración cos emprendedores, empresarios da bisbarra non centrándose só nos proxectos dos emprendedores que usan as instalacións físicas, porque ten que ter unha maior cobertura con proxectos de empresas virtuais e asesoramento a outros emprendedores que non estean vinculados nin física nin virtualmente ó viveiro.

O tempo de estancia máximo debería ser tres anos, tempo que debería ser suficiente para madurar e poñer en marcha unha empresa, concedendo dúas ampliacións semestrais, sempre e cando non houbera novas peticións de entrada, pois nese caso ese novo emprendedor debería ter preferencia. En todo caso, non debería permitirse estar máis de tres anos ós emprendedores.

A forma xurídica predominante dos viveiros que pertencen aos concellos é a da xestión directa. Pódese empezar con este esquema e se a evolución do Centro de Iniciativas Empresariais é positiva, pódese pensar nunha empresa pública con participación doutros axentes socioeconómicos da bisbarra ou mesmo da comunidade galega.

Trataríase de darlle ó viveiro a máxima difusión nos medios e incluso entre os desempregados, estudantes, empresarios, etc. co obxecto de que chegue ó maior número de persoas.

Ningún viveiro é capaz de xerar recursos suficientes por si mesmo que lle permitan cubrir os gastos necesarios, por iso a maioría dos Centros de Iniciativas Empresariais son de carácter público ou precisan de axudas públicas para facer a súa labor. No caso de viveiro de Mugardos ó déficit non chega a 3.000 euros anuais, sendo por tanto moi rendible dito centro de iniciativas empresariais xa que a recuperación económica e social supere con creces dito desembolso.

11. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Allen, D. (1985). "An entrepreneurial marriage: business incubators". V *Congreso Anual Balson Collage Entrepreneurship Research*. Wellesley, Maryland.
- Autio, E. e Klofsten, M. (1998). "A comparative study of two European business incubators". *Journal of Small Business Management*, nº 36, vol. 1, pp. 30-43.
- Comisión Europea (2003). *Guía del análisis costes-beneficios de los proyectos de inversión. Fondos Estructurales-FEDER, Fondo de Cohesión e ISPA*. Unidad responsable de la evaluación DG Política Regional Comisión Europea.
- Ferreiro, F. (2008). "Los viveros de empresas de Galicia: Una manera de emprender". *XXII Congreso AEDEM*. Salamanca.
- Ferreiro, F. (2014). *Los viveros de empresas gallegos: Una estrategia generadora de riqueza*. Tesis doctoral. Universidad de A Coruña.

- Ferreiro, F. e Vaquero, A. (2010). *El papel de los viveros de empresa en Galicia como agentes de promoción económica y generación de empleo*, Xunta de Galicia.
- Ferreiro, F.; Del Campo, M. e Vaquero, A. (2014). “La rentabilidad económica de los viveros gallegos a partir de un modelo de ecuaciones estructurales”. *XL Reunión de Estudios Regionales (AEER)*, Zaragoza.
- Fundación La Caixa, (2013). Anuario Económico de España, disponible en http://www.anuarieco.lacaixa.com/java/X?cgi=caixa.le_DEM.pattern&CLEAR=YES (consultado en xuño de 2014).
- Gatewood, B; Ogden, L. e Hoy, F. (1985). “Incubator Centers: Where they are and where are they going”. *V Congreso anual Balson College Entrepreneurship Research*. Wellesley. Maryland.
- Informe GEM Galicia 2012. Disponible en <http://www.ceg.es/docs/INFORME-GEM2012.pdf>
- Instituto Galego de Estatística (IGE) (2014). Disponible en www.ige.eu. Consultado en xuño de 2014.
- NBIA (2007). Páxina web, disponible en: www.nbia.org/
- Peterson, J. (1985). “Creating jobs by creating businesses: the role of business incubators”. *National Council for Urban Economic Development*, Washington.
- Rice, M. (2002): “Co-production of business assistance in business incubators. An explanatory study”. *Journal of Business Venturing*, nº 17, pp. 163-187.
- Vaquero, A. e Ferreiro, F. (2011). “Los viveros gallegos como instrumento de desarrollo local: Situación actual y líneas de mejora”. *Revista Galega de Economía*, núm. 20, vol. 1, pp. 1-23.
- Vaquero, A. e Ferreiro, F. (2012). “La contribución económica de los viveros de empresas en Galicia. Una aproximación a través del modelo de balanza fiscal”. *XXVIII Reunión de Estudios Regionales (AEER)*, Bilbao.